

## **ACORDOS DA COMISIÓN DO TÍTULO DE GRAO EN PSICOLOXÍA 2015 – 2016**

### **5 de novembro de 2015**

Orde do día:

1. Nomeamento de secretario/a da Comisión
2. Informe da decana
3. Planificación dos traballos para elaboración do informe de seguimento do título, 2014-15

Acordos:

- Acórdase nomear ao Prof. Santiago Galdo Álvarez secretario da CT.
- Acórdase distribuír entre os membros da CT os distintos criterios a avaliar para o informe de seguimento (e tamén para acreditación), de xeito que cada un faga unha análise inicial e, no caso de detectar algún aspecto mellorable, acompañe esa reflexión de propostas de mellora. Fíxase a data dunha próxima reunión na que se poñerá en común o traballo previo e se incorporarán á acta correspondente a reflexión final e as propostas de mellora relativas a cada criterio.

### **16 de novembro de 2015**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Debate e aprobación, se procede, do informe de seguimento, 2014-15 e as accións de mellora asociadas.
3. Planificación dos traballos para a elaboración do informe renovación da acreditación, 2009-15, do Grao en Psicoloxía

Acordos:

- Apróbese a acta da reunión de 5 de novembro de 2015.
- Apróbese o informe de seguimento do título, 2014-15 para o seu traslado á Comisión de Calidade do Centro.
- Acórdase distribuír entre os membros da CT os distintos criterios a avaliar para o informe de renovación da acreditación, de xeito que cada un faga unha reflexión inicial.
- Acórdase ter unha nova reunión co obxectivo de revisar, ampliar e mellorar as reflexións relativas á elaboración do autoinforme de avaliación para a renovación da acreditación do título de Grao en Psicoloxía.

### **26 de novembro de 2015**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Análise e redacción definitiva das reflexións relacionadas cos distintos criterios a avaliar no informe de renovación da acreditación do Grao en Psicoloxía.
3. Análise das accións de mellora relativas a cada criterio a incluír no informe de renovación da acreditación.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión de 16 de novembro de 2015.
- Apróbase o informe de renovación da acreditación do Grao en Psicoloxía para o seu traslado á Comisión de Calidade do Centro.
- Acórdanse as accións de mellora para o curso 2015-16, para o seu traslado á Comisión de Calidade do Centro.

### **14 de abril de 2016**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión de 26 de novembro de 2015.
2. Informe do primeiro semestre do curso 2015-16.
3. Visita da Comisión de acreditación do título de Grao.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión de 26 de novembro de 2015.
- Infórmase das reunións cos grupos de interese (estudantes e profesores) para recabar información sobre o desenvolvemento do 1º semestre do curso, e analízase a información obtida.
- Infórmase da axenda para a visita de acreditación e concrétase a configuración dos grupos de interese que se entrevistarán cos auditores.

### **22 de xuño de 2016**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión de 14 de abril de 2016..
2. Elaboración da resposta (plan de melloras e, de ser o caso, alegacións) ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación.
3. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase a acta da reunión de 14 de abril de 2016.
- Acórdase, en relación coas alegacións ao informe provisorio de renovación da acreditación do Grao:
  - Consultar e, no seu caso, trasladar aos órganos competentes (Comisión, de Calidade do Centro, Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC) aqueles aspectos que non son directamente da competencia da CT.
  - Implementar accións de mellora dirixidas á monitorización da duración das prácticas, á oferta de optativas do grao e á cumprimentación de enquisas.
  - Xustificar o cumprimento dos restantes aspectos sinalados e recomendados pola comisión da renovación da acreditación (Memoria de verificación actualizada, enquisas ao PAS).
- Elaboración do borrador de respostas ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación.

**30 de xuño de 2016**

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación da proposta do Plan de melloras derivado do informe provisorio de avaliación para a renovación da acreditación do título.
3. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

- Apróbase da acta da reunión de 22 de xuño de 2016.
- Apróbase o Plan de Melloras en resposta ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación, para o seu traslado á Comisión de Calidade do Centro.